

# FOREO

tendas ecolóxicas

## Pón o seu dispor os seguintes productos:

Papel reciclado fotocopiadora/láser  
Papel reciclado escritura  
Libretas papel reciclado  
Papel deseño fotocopiadora/láser  
Papel contínuo para ordenador  
Sobres e bolsas  
Cartulinas  
Transparencias fotocopiadora  
Película Blanca  
Marcos Protectores  
Etiquetas ordenador

## Outros productos

Libros • Maquetas de papel  
Material oficina  
Toner fotocopiadora • Toner láser  
Xoguete madeira  
Acuarelas • Barnices, etc...



### SANTIAGO

r/ Laverde Ruíz, 2 baixo  
☎ (981) 56 54 87 • Fax 56 31 88



### LUGO

r/ Xeneral Tella, 6 baixo  
☎ (982) 25 01 98  
Fax 25 01 98

### VIGO

r/ Pintor Laxeiro, 8  
☎ (986) 20 23 38  
Fax 20 23 38



# editorial

Unha das mais venerábeis palabras de orde dos movementos ecoloxistas é aquela de "pensar globalmente e actuar localmente". A recente reunión en Madrid do Foro Alternativo "As outras voces do planeta" paralela a do Banco Mundial debería ser unha badalada que nos acordara do soño da inocencia, do soño de que as matanzas de Ruanda ou a peste neumónica da India pertencen a un mundo distinto do noso. Mentres na reunión oficial do Banco os magnates subían e baixaban das súas limusinas recomendando a redución das pensións, case dúas mil persoas que actúan localmente cada día, nas loitas contra os encoros do Narmada ou contra as talas salvaxes en Indonesia, pensaban globalmente, e facían balance común do que no mundo fixo ese grande usureiro, ese grande entrometido en cada casa alleia, ese Banco Mundial que celebraba o seu 50 cabodano. E o balance semellaba claro: o Banco axudou a facer aos pobres máis pobres e ao planeta máis enfermo. E o Banco non pode facer propósito da emenda porque os que mandan, mandan. Infeliz cabodano: O Banco debe desaparecer, pediron os firmantes da Declaración do Foro Alternativo, unha declaración que polo seu enorme interese reproducimos completa no dossier deste número de CERNA.

Claro que se os amos de Washington son como son, os de aquí se non son piores é porque non poden. O Reino de España adicou un 0,27% da riqueza xerada (en culto: do PIB) durante 1993 á "axuda" aos países pobres. Os orzamentos do vindeiro ano contemplan elevar a un 0,3 este magno desembolso, xa que ao Sr. Solbes parece-lle que ese 0,7% que piden diversos movementos de solidariedade co Terceiro Mundo (e que resulta moi inferior á media do destinado polos países da OCDE) é demasiado "comprometer al Estado". Aínda que ben visto, se as "axudas" seguen a ser o que foron nos últimos anos, ún chega a dudar se non sería mellor que desapareceran. No 1993 a metade das "axudas" non foron tais axudas senón créditos (que deben ser devoltos) e, nos máis dos casos, afectados á adquisición de produtos españois, en non poucos casos armas, tal e como foi o caso dos 50.000 millóns de pts. que se concederon a Marrocos para a adquisición de armas, municións e vehículos todo terreo. Nós tamén vendemos as armas coas que as poboacións do Terceiro Mundo se matan e logo as anotamos nas contas do estado como "ayudas al desarrollo".

Emporiso, debemos pedir o 0,7%, e máis a ser posíbel, pero tamén debemos pedir garantías de que eses fondos non van ser dardos enveleñados. E sobre todo, non debemos renunciar á loita por unha nova orde mundial na que non nos teñamos que avergoñar de ser cidadáns do primeiro mundo ao abrimos o xornal cada mañá.